

GUIA DIDÁCTICA

dos *Recursos EDILIM v5 (sen Flash) para 3º E.S.O.*

*"A música descriptiva como recurso para a materia de música:
dende o Barroco até o Século XX"*

Autor: EDUARDO SOUTULLO GARCÍA

IES CHAN DO MONTE (MARÍN)

IMPORTANTE:

En cada un dos sete O.D.E. (EDILIM) pódese visualizar a GUÍA DIDÁCTICA pulsando a tecla "?" na barra lateral. Abrirase un documento PDF no que, despois da listaxe detallada dos CRÉDITOS (fotografías, gravacións de audio, etc) aparece esta GUÍA DIDÁCTICA que inclúe os obxectivos, metodoloxía, orientacións, actividades, avaliación, etc do O.D.E. en cuestión

ÍNDICE:

Páxina:

OBXECTIVOS EDUCATIVOS PRETENDIDOS	3
ASPECTOS CURRICULARES EN QUE SE INCIDE	4
METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS	5
ACTIVIDADES QUE SE PROPOÑEN	10
RECURSOS DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO, con mención dos medios para achegar retroalimentación ás aprendizaxes no proceso avaliativo.	13

OBXECTIVOS EDUCATIVOS PRETENDIDOS

Os obxectivos educativos pretendidos son os que se detallan de seguido:

- Diferenciar os diferentes tipos de **músicas descritivas**: música que describen os fenómenos da natureza, música programática (o poema sinfónico) e música incidental (para obras teatrais)
- Valorar e relacionar o contexto histórico das obras de **músicas descritivas** escoitadas cos coñecementos doutras asignaturas (língua e literatura, ciencias sociais, etc.).
- Entender a función social que tiñan na súa época os exemplos escoitados de **músicas descritivas**
- Recoñecer auditivamente e determinar a época e a cultura musical ás que pertencen as distintas audicións escoitadas de **músicas descritivas**. Situar dun xeito básico as audicións propostas en coordenadas socio-históricas.
- Analizar as músicas descritivas escoitadas. Ó falarmos de “analizar” referímonos fundamentalmente a unha escoita reflexiva que lle permita ao alumnao o recoñecemento e discriminación auditiva dos elementos da música.
- Valorar a figura dos compositores e compositoras e o contexto histórico no que foron creadas os diferentes exemplos de **músicas descritivas**.
- Distinguir a través das obras escoitadas os diferentes xéneros ou formas musicais. Coñecer os elementos que conforman as **músicas descritivas**.
- Recoñecer por medio da audición as diferentes seccións ou partes dos exemplos de **músicas descritivas**
- escoitar unha ampla variedade de exemplos de **músicas descritivas**, de distintos estilos, xéneros, etc, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e gozo persoal, de xeito que o alumno se interese por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

ASPECTOS CURRICULARES EN QUE SE INCIDE

iii) OBXECTIVOS DO RECURSO.

iv) CONTIDOS E ESTÁNDARES TRABALLADOS E SECUENCIA DOS MESMOS.

v) DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE A TRABALLAR.

Son os que se detallan de seguido para o TERCEIRO curso da ESO, de acordo ao disposto no *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da E.S.O e do bacharelato na C. A. de Galicia*

Do Bloque 2. escoita				
iii) Obxectivos	iv) Contidos	ix) Criterios de avaliación	iv) Estándares de aprendizaxe e secuencia dos mesmos.	v) Descrición e xustificación das competencias clave a traballar.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ n <p>Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación</p>	<p>B2.1. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais.</p>	<p>B2.1. Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións</p>	<p>MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e <u>a súa evolución ao longo da historia da música.</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC (<i>Conciencia e expresións culturais</i>) ▪ CAA (<i>Aprender a aprender</i>): Ambas competencias en relación ao contido B2.1. Clasificación e discriminación auditiva
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ n ▪ g <p>Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e do patrimonio artístico e cultural</p> <p>Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación</p>	<p>B2.5. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.</p>	<p>B2.4. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.</p>	<p>MUB2.4.1. Aмосa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA (<i>Aprender a aprender</i>): en relación ao contido B2.5. "Audición, análise elemental e apreciación crítica"
			<p>MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC (<i>Conciencia e expresións culturais</i>) ▪ CSC (<i>Competencias sociais e cívicas</i>), Ambas competencias en relación ao contido B2.5 Interese por coñecer músicas de distintas características
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ e <p>Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación</p>	<p>B2.7. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc</p>	<p>B2.5. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.</p>	<p>MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC (<i>Conciencia e expresións culturais</i>) ▪ CAA (<i>Aprender a aprender</i>): Ambas competencias en relación ao contido B2.7. Elementos que interveñen na construción dunha obra
			<p>MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA (<i>Aprender a aprender</i>)

Do Bloque 3. Contextos musicais e culturais

iii) Obxectivos	iv) Contidos	ix) Criterios de avaliación	iv) Estándares de aprendizaxe e secuencia dos mesmos.	v) Descrición e xustificación das competencias clave a traballar.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ ñ <p>Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico</p>	<p>B3.7. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.</p>	<p>B3.3. Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical.</p>	<p>MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC (<i>Conciencia e expresións culturais</i>) ▪ CAA (<i>Aprender a aprender</i>) <p>Ambas competencias en relación ao contido en relación ao contido B3.7. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais</p>

<ul style="list-style-type: none"> ▪ n <p>Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación</p>	<p>B3.8. Épocas da historia da música: características principais, autores/ as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas.</p>	<p>B3.4. Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música</p>	<p>MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.</p> <p>MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, e a música na sociedade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC (Conciencia e expresións culturais) ▪ CSC (Competencias sociais e cívicas) <p>Ambas competencias en relación ao contido en relación ao contido Épocas da historia da música: características principais, autores/ as</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC (Conciencia e expresións culturais) ▪ CCL (Comunicación lingüística)
--	---	--	--	--

METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS:

Necesítanse auriculares para poder facer as actividades individualmente

As actividades deberán realizarse na orde en que se presentan en cada un dos sete libros Edilim. No **1º Libro EDILIM** se traballan os contidos teóricos. A aplicación práctica deses contidos teóricos explicados no EDILIM 1 se levará a cabo nos seguintes libros EDILIM (do 2º ao 7º). É dicir:

CONTIDOS TEÓRICOS:

1º Libro EDILIM: Clasificación das músicas descritivas e elementos a estudar nas audicións:

1.1. CLASIFICACIÓN ou TIPOS de música descritiva:

- 1.1.1. Música que describe a natureza
- 1.1.2. Música programática: o poema sinfónico
- 1.1.3. Música incidental: a música para obras teatrais

1.2. Elementos a estudar nas audicións:

- Contexto histórico-artístico
- Referencias extramusicales nas pezas estudadas: literarias, pictóricas, da natureza, etc
- Características das pezas estudadas: instrumentación, movemento (tempo), altura, etc

CONTIDOS PRÁCTICOS: aplicación práctica dos contidos teóricos explicados no EDILIM 1 nos seguintes libros EDILIM:

2º Libro EDILIM: A música descritiva no Barroco

3º Libro EDILIM: A música descritiva no Clasicismo

4º Libro EDILIM: A música descritiva e incidental no Romanticismo

5º Libro EDILIM: A música descritiva e programática no Nacionalismo musical. 1ª Parte: Europa Central

6º Libro EDILIM: A música descritiva e programática no Nacionalismo musical. 2ª Parte: Europa do Leste

7º Libro EDILIM: A música descritiva no Impresionismo musical

Todos estes contidos integran a perspectiva de xénero co fin de producir materiais curriculares plenamente coeducativos e empregarán unha linguaxe non sexista e inclusiva.

Metodoloxía empregada. Os recursos metodolóxicos que se empregan son:

- **Actividades a modo de pequena INTRODUCCIÓN sobre o tema.** Estas actividades están elaboradas coa plantilla de páxina "PLANTILLA" de EDILIM (versión 5, sen Flash):

A música descritiva como recurso para a materia de música: dende o Barroco até o S. XX




FOTO: detalle do cadro *Mercado de caballos de Asia Central* de Franz Roubaud (1856–1928)

Nos seguintes exercicios imos estudar os seguintes aspectos:

CLASIFICACIÓN ou TIPOS de música descritiva:


- 1 - Música que describe a natureza
- 2 - Música programática: o poema sinfónico
- 3 - Música incidental: a música para obras teatrais

Elementos a estudar nas audicións:

- Contexto histórico-artístico
- Referencias extramusicais nas pezas estudadas: literarias, pictóricas, da natureza, etc
- Características das pezas estudadas: instrumentación, movemento (tempo), altura, etc.

- **Actividades para aprender as características das obras de música descritiva escoitadas:** están elaboradas coa plantilla de páxina "RELACIONAR" de EDILIM (versión 5, sen Flash):

Música que describe a natureza: pulsa a tecla "play" e escoita un fragmento do 4º Mov. da Sinfonía Nº6 de L. v. Beethoven. Intenta relacionar:



Beethoven compuxo en 1808 a súa Sinfonía Nº 6 ou...

O compositor subtitulouna...

Nela Beethoven expresa o seu amor pola...

Esta sinfonía inclúe pasaxes de música descritiva no seu

e tamén no seu 2º movemento,

natureza e a vida no campo.

que recrea o canto dos paxaros.

4º movemento: "Lóstregos. Tormenta".

Recordos da vida campestre.

Sinfonía Pastoral.

Fai click nunha das caixas da esquerda e logo nunha caixa da dereita.

- **Actividades para ESCOITAR** exemplos dos diferentes tipos de músicas descritivas: están elaboradas coa plantilla de páxina “**GALERÍA DE SONS**” de EDILIM (versión 5, sen Flash):

Pulsa as imaxes para escoitar exemplos dos tres tipos de música descritiva explicados no exercicio da páxina anterior:

0:00 / 0:00

<p>Música que describe a natureza: <i>Sinfonía Nº 6 (Pastoral)</i> de L. v. Beethoven</p>	<p>Música programática: <i>Nas estepas de Asia Central</i> de A. Borodín</p>	<p>Música incidental: <i>O soño dunha noite de verán,</i> de F. Mendelssohn</p>
--	---	--

- **Actividades para RECOÑECER** exemplos dos diferentes tipos de músicas descritivas: están elaboradas coa plantilla de páxina “**IDENTIFICAR SONS**” de EDILIM (versión 5, sen Flash):

Pulsa os cadros co signo de interrogación e escoita. Arrastra cara eles os nomes das pezas de música que escoitaches na páxina anterior:

?	?	?
---	---	---

<p>Música incidental: <i>O soño dunha noite de verán,</i> de F. Mendelssohn</p>	<p>Música que describe a natureza: <i>Sinfonía Nº 6 (Pastoral)</i> de L. v. Beethoven</p>	<p>Música programática: <i>Nas estepas de Asia Central</i> de A. Borodín</p>
--	--	---

Se te equivocas, vai á páxina anterior e volta a esta

- **Actividades para clasificar os diferentes termos estudados:** están elaboradas coa plantilla de páxina “**CLASIFICAR TEXTOS**” de EDILIM (versión 5, sen Flash):

Música que describe a natureza: a Sinfonía Nº6 de L. v. Beethoven.

Como puidiches escoitar nos exercicios das dúas páxinas anteriores, a Sinfonía Nº 6 "Pastoral" de Ludwig van Beethoven inclúe fragmentos nos que se describe a natureza. Intenta completar o seguinte texto:

A Sinfonía Pastoral rompeu coa clásica das sinfonías ao ter cinco movementos en lugar dos catro habituais:

1º movemento: "Espertar de alegres sentimentos ao atoparse no (Allegro ma non troppo)

2º movemento: "Escena xunto ao arriño" (molto mosso.)

3º movemento: "Animada reunión de campesiños" (Allegro)

4º movemento: " Tormenta" (Allegro)

5º movemento: " dos pastores. Alegría e sentimentos de agradecemento despois da (Allegretto)


Andante Himno campo". tormenta" Lóstregos. estrutura

Completa o texto arrastrando as palabras

Actividades para reconecer diferentes características das obras de música descritiva escoitadas: están elaboradas coa plantilla de páxina **"RESPOSTA MÚLTIPLE"** de EDILIM (versión 5, sen Flash):

Música incidental: a música para "O soño dunha noite de verán".

Pulsa a tecla "Play" e escoita o inicio da "Marcha Nupcial" de "O soño dunha noite de verán" de Mendelssohn. Os instrumentos que soan ao principio da peza son...




- 1 as trompetas
- 2 as tubas
- 3 os trombóns
- 4 as trompas

Escoñe só 1 das 4 opcións. Se te equivocas, vai á páx. anterior e volta a esta

Actividades para reconecer termos estudados no tema: están elaboradas coa plantilla de páxina **"PALABRA SECRETA"** de EDILIM (versión 5, sen Flash):

O 2º Mov. da Sinfonía "Pastoral": o canto dos paxaros.

Pulsa a tecla "Play" e escoita un fragmento do 2º movemento da Sinfonía Pastoral de Beethoven no que un instrumento da orquestra imita o son do canto dun reiseñor. Este instrumento é unha...




a b c e d e f g h i j k l m
n ñ o p q r s e t u v x y z
ç á é í ó ú

Descubre a palabra secreta por medio das letras que a forman

- Actividades para clasificar as características das obras de música descritiva escoitadas (neste caso a súa velocidade): están elaboradas coa plantilla **"ORDENAR "** de EDILIM (versión 5, sen Flash):

Intenta ordenar os termos que definen a velocidade das pezas escoitadas neste tema. Arrastra os termos até os cadros grises: o máis lento abaixo e o máis rápido arriba



Allegro
Allegretto
Andante

- **Actividades para clasificar as características das obras de música descriptiva escoitadas (neste caso a súa velocidade):** están elaboradas coa "ARRASTRAR IMAXES" de EDILIM (versión 5, sen Flash):

Pulsa os recadros de arriba e escoita as pezas estudadas neste tema. Arrastra os recadros de abaixo co nome do termo de velocidade que corresponde a cada peza:

Borodin: <i>Nas estepas de Asia Central</i>	Beethoven: 2º Mov. da <i>Sinfonía Pastoral</i>	Mendelssohn: <i>Danza dos Pallasos</i>
ALLEGRETTO		
	ALLEGRO	ANDANTE

23

Actividades para visualizar exemplos de música descriptiva: están elaboradas coa páxina "PLANTILLA" de EDILIM (versión 5, sen Flash): (NON se inclúe ningún vídeo no cartafol de "recursos" dos EDILIM, senon que únicamente incluíranse algúns links a ENLACES EXTERNOS e permantes de YOUTUBE:

O 2º Mov. da Sinfonía "Pastoral": o canto dos paxaros



Podes escoitar o fragmento do 2º Mov. da Sinfonía Pastoral onde os instrumentos imitan o canto dos paxaros e tamén ver imaxes deste paxaros pulsando abaixo o botón "VER VÍDEO" coa VENTÁ MINIMIZADA

[VER VÍDEO](#)

10

- **Actividades de repaso dos conceptos aprendidos neste libro Edilim:** están elaboradas coa plantilla de páxina "SOPA DE LETRAS" de EDILIM (versión 5, sen Flash):

Imos repasar palabras que tes aprendido neste tema:

Paxaro que soa na Sinfonía Pastoral	v p o i i s q h n r z g u f b e t e v a ñ n ú y n t q h L n u z M r y k i e g b j d a x i h g g e j é p ú i p l p á f u s ó e í n g e m e n k ú é z q f z e f q d a h q o p b ç p s c l t v t ú e í r m q l x l p p é c b b k j l a c e t k o ç t á j n f ú v b s d i u i b r q o d e i t í ó z s ó g q c s e x y é c u é h é a o í l ç u o e y n ñ i c p l r ñ h t ú p ç s o ñ c e h e u n ú v n ñ á h i s é l o e á k l r q e t i b g y f f u é r e y b e q h r r a y v r ó ú t f z ó s g ç ú b ñ j d p a p n e i h v u m r f
Tocar o violín movendo o arco tremendo	
Inventor do poema sinfónico: Franz...	
Instrumento de vento: corno...	
Compositor da Danza dos pallasos: Felix	
Paxaro que soa na Sinfonía Pastoral	

Busca 6 palabras (pulsa a primeira letra e vai deslizando o rato)

24

ACTIVIDADES QUE SE PROPOÑEN.

1º Libro EDILIM: Clasificación das músicas descritivas e elementos a estudar nas audicións:

- Actividades de lectura e asimilación dos seguintes CONTIDOS:
 - 1.1. CLASIFICACIÓN ou TIPOS de música descritiva:
 - 1.1.1. Música que describe a natureza
 - 1.1.2. Música programática: o poema sinfónico
 - 1.1.3. Música incidental: a música para obras teatrais
 - 1.2. Elementos a estudar nas audicións:
 - Contexto histórico-artístico
 - Referencias extramusicais nas pezas estudadas: literarias, pictóricas, da natureza, etc
 - Características das pezas estudadas: instrumentación, movemento (tempo), altura, etc
 - Actividades para completar textos sobre este tema
 - Actividades para as audicións:
 - Relacionar conceptos das **músicas descritivas**
 - Clasificar **músicas descritivas**
 - Resposta múltiple
 - Galería de sons (**músicas descritivas**)
 - Arrastrar imaxes
 - Identificas sons (**músicas descritivas**)
 - Palabra secreta
 - Actividade de repaso (sopa de letras)
- (NOTA: Para comprobar se unha actividade foi realizada correctamente hai que pulsar o símbolo “V” da parte inferior dereita da páxina).

2º Libro EDILIM: A música descritiva no Barroco

- Actividades de lectura e asimilación de conceptos das **músicas descritivas do Barroco**
 - Actividades para completar textos sobre este tema
 - Actividades para o recoñecemento de:
 - contexto histórico-artístico **do Barroco**
 - referencias extramusicais nas pezas estudadas: literarias, pictóricas, da natureza, etc
 - características das pezas estudadas: instrumentación, movemento (tempo), altura, etc
 - Actividades de **audición e análise das seguintes obras de música descritiva do Barroco:**
 - Antonio Vivaldi (1678–1741):**
 - **Violin Concerto in E major, RV 269 'Spring' (1720)**
 - **Violin Concerto in G minor, RV 315 'Summer' (1720)**
 - **Violin Concerto in F major, RV 293 'Autumn' (1720)**
 - **Violin Concerto in F minor, RV 297 'Winter' (1720)**
 - Actividades para as audicións:
 - Relacionar conceptos das músicas descritivas do Barroco
 - Clasificar músicas descritivas do Barroco
 - Resposta múltiple
 - Galería de sons (músicas descritivas do Barroco)
 - Arrastrar imaxes
 - Identificas sons (músicas descritivas do Barroco)
 - Palabra secreta
 - Actividade de repaso (sopa de letras)
- (NOTA: Para comprobar se unha actividade foi realizada correctamente hai que pulsar o símbolo “V” da parte inferior dereita da páxina).

3º Libro EDILIM: A música descritiva no Clasicismo

- Actividades de lectura e asimilación de conceptos das **músicas descritivas do Clasicismo**
- Actividades para completar textos sobre este tema
- Actividades para o recoñecemento de:
 - contexto histórico-artístico **do Clasicismo**
 - referencias extramusicais nas pezas estudadas: literarias, pictóricas, da natureza, etc
 - características das pezas estudadas: instrumentación, movemento (tempo), altura, etc
- Actividades de **audición e análise da seguinte obra de música descritiva do Clasicismo:**
The Creation, Hob. XXI:2 (1798)
(Autor: Franz Joseph Haydn (1732-1809))
- Actividades para as audicións:
 - Relacionar conceptos das músicas descritivas do Clasicismo
 - Clasificar músicas descritivas do Clasicismo
 - Resposta múltiple
 - Galería de sons (músicas descritivas do Clasicismo)
 - Arrastrar imaxes
 - Identificar sons (músicas descritivas do Clasicismo)
 - Palabra secreta
- Actividade de repaso (sopa de letras)

(NOTA: Para comprobar se unha actividade foi realizada correctamente hai que pulsar o símbolo “V” da parte inferior dereita da páxina).

4º Libro EDILIM: A música descritiva e incidental no Romanticismo

- Actividades de lectura e asimilación de conceptos da **música descritiva e incidental no Romanticismo**
- Actividades para completar textos sobre este tema
- Actividades para o recoñecemento de:
 - contexto histórico-artístico **do Romanticismo**
 - referencias extramusicais nas pezas estudadas: literarias, pictóricas, da natureza, etc
 - características das pezas estudadas: instrumentación, movemento (tempo), altura, etc
- Actividades de **audición e análise da seguinte obra de música descritiva e incidental no Romanticismo:**
A Midsummer Night's Dream, Op. 61 (1842)
(Autor: Felix Mendelssohn 1809–1847)
- Actividades para as audicións:
 - Relacionar conceptos da música descritiva e incidental no Romanticismo
 - Clasificar músicas descritiva e incidentals no Romanticismo
 - Resposta múltiple
 - Galería de sons (música descritiva e incidental no Romanticismo)
 - Arrastrar imaxes
 - Identificar sons (música descritiva e incidental no Romanticismo)
 - Palabra secreta
- Actividade de repaso (sopa de letras)

(NOTA: Para comprobar se unha actividade foi realizada correctamente hai que pulsar o símbolo “V” da parte inferior dereita da páxina).

5º Libro EDILIM: A música descritiva e programática no Nacionalismo musical. 1ª Parte: Europa Central

- Actividades de lectura e asimilación de conceptos da **música descritiva e programática no Nacionalismo musical de Europa Central**

- Actividades para completar textos sobre este tema

- Actividades para o recoñecemento de:

- contexto histórico-artístico **do Nacionalismo musical de Europa Central**

- referencias extramusicais nas pezas estudadas: literarias, pictóricas, da natureza, etc

- características das pezas estudadas: instrumentación, movemento (tempo), altura, etc

- Actividades de **audición e análise da seguinte obra de música descritiva e programática no Nacionalismo musical de Europa Central:**

Má vlast - Vltava (The Moldau) (1874)

(Autor: Bedrich Smetana 1824–1884)

- Actividades para as audicións:

Relacionar conceptos da música descritiva e programática no Nacionalismo musical de Europa Central

Clasificar músicas descritiva e programáticas no Nacionalismo musical de Europa Central

Resposta múltiple

Galería de sons (música descritiva e programática no Nacionalismo musical de Europa Central)

Arrastrar imaxes

Identificas sons (música descritiva e programática no Nacionalismo musical de Europa Central)

Palabra secreta

- Actividade de repaso (sopa de letras)

(NOTA: Para comprobar se unha actividade foi realizada correctamente hai que pulsar o símbolo “V” da parte inferior dereita da páxina).

6º Libro EDILIM: A música descritiva e programática no Nacionalismo musical. 2ª Parte: Europa do Leste

- Actividades de lectura e asimilación de conceptos da **música descritiva e programática no Nacionalismo musical de Europa do Leste**

- Actividades para completar textos sobre este tema

- Actividades para o recoñecemento de:

- contexto histórico-artístico **do Nacionalismo musical de Europa do Leste**

- referencias extramusicais nas pezas estudadas: literarias, pictóricas, da natureza, etc

- características das pezas estudadas: instrumentación, movemento (tempo), altura, etc

- Actividades de **audición e análise das seguintes obras de música descritiva e programática no Nacionalismo musical de Europa do Leste:**

In The Steppes Of Central Asia (1880)

(autor: Aleksandr Borodín 1833-1887)

Scheherazade, Op. 35 (1888)

(autor: Nikolái Rimsky-Korsakov 1844-1908)

- Actividades para as audicións:

Relacionar conceptos da música descritiva e programática no Nacionalismo musical de Europa do Leste

Clasificar músicas descritiva e programáticas no Nacionalismo musical de Europa do Leste

Resposta múltiple

Galería de sons (música descritiva e programática no Nacionalismo musical de Europa do Leste)

Arrastrar imaxes

Identificas sons (música descritiva e programática no Nacionalismo musical de Europa do Leste)

Palabra secreta

- Actividade de repaso (sopa de letras)

(NOTA: Para comprobar se unha actividade foi realizada correctamente hai que pulsar o símbolo “V” da parte inferior dereita da páxina).

7º Libro EDILIM: A música descritiva no Impresionismo musical

- Actividades de lectura e asimilación de conceptos das **músicas descritivas do Impresionismo musical**
- Actividades para completar textos sobre este tema
- Actividades para o recoñecemento de:
 - contexto histórico-artístico **do Impresionismo musical**
 - referencias extramusicais nas pezas estudadas: literarias, pictóricas, da natureza, etc
 - características das pezas estudadas: instrumentación, movemento (tempo), altura, etc
- Actividades de **audición e análise das seguintes obras de música descritiva do Impresionismo musical:**
 - Préludes, Book 1 (1910)**
(Autor: Claude Debussy, 1862 - 1918)

 - Préludes, Book 2 (1913)**
(Autor: Claude Debussy, 1862 - 1918)
- Actividades para as audicións:
 - Relacionar conceptos das músicas descritivas do Impresionismo musical
 - Clasificar músicas descritivas do Impresionismo musical
 - Resposta múltiple
 - Galería de sons (músicas descritivas do Impresionismo musical)
 - Arrastrar imaxes
 - Identificar sons (músicas descritivas do Impresionismo musical)
 - Palabra secreta
- Actividade de repaso (sopa de letras)

(NOTA: Para comprobar se unha actividade foi realizada correctamente hai que pulsar o símbolo “V” da parte inferior dereita da páxina).

RECURSOS DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO, con mención dos medios para achegar retroalimentación ás aprendizaxes no proceso avaliativo

As actividades deste EDILIM son avaliábeis por medio dunha utilidade de avaliación.

O propio alumno pode realizar a auto-avaliación despois de rematar as actividades deste EDILIM, pulsando a tecla "i" na barra lateral, accedendo a un informe que indica o número de intentos que realizou de cada unha das actividades, o número de acertos, etc.

O profesor que empregue cos seus alumnos este traballo EDILIM tamén pode consultar o devandito informe, que se pode consultar en calquera momento mentres que o libro permaneza aberto:

(13-5-2021 14:32)

Imprimir

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16
17 18 19 20 21 22 23 24

0 ✓ 18 0%

Panel	Descripción	Resultado	Intentos
1		-	0
2	A música descriptiva como recurso para a materia de música: dende o Barroco até o S. XX	-	0
3	CLASIFICACIÓN DAS MÚSICAS DESCRIPTIVAS. Intenta relacionar: fai click nunha das caixas da esquerda e logo nunha caixa da dereita.	●	0
4	Pulsa as imaxes para escoitar exemplos dos tres TIPOS DE MÚSICA DESCRIPTIVA explicados no exercicio da páxina anterior:	-	0
5	Pulsa os cadros co signo de interrogación e escoita. Arrastra cara eles os nomes das pezas de música que escoitaches na páxina anterior:	●	0
6	TIPOS DE MÚSICA DESCRIPTIVA: 1) Música que describe a natureza. A Sinfonía Nº6 de L. v. Beethoven.	●	0
7	TIPOS DE MÚSICA DESCRIPTIVA: 1) Música que describe a natureza: pulsa a tecla "play" e escoita un fragmento do 4º Mov. da Sinfonía Nº6 de L. v. Beethoven. Intenta relacionar:	●	0
8	TIPOS DE MÚSICA DESCRIPTIVA: 1) Música que describe a natureza: o 2º Mov. da Sinfonía "Pastoral" (o canto dos paxaros)	●	0

Os recursos EDILIM teñen como referencia os seguintes criterios de avaliación dos dispostos para 3º da ESO no *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*:

- Recoñecer auditivamente e determinar a época e a cultura musical a que pertencen distintas obras.
- Identificar e analizar os compoñentes básicos dunha da música nas diferentes épocas da historia
- Ser quen de comunicar axeitadamente e con rigor valoracións persoais sobre as distintas manifestacións musicais
- Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade. Con este criterio preténdese avaliar o coñecemento do alumnado acerca do papel da música en situacións e contextos diversos
- Analizar diferentes pezas musicais apoiándose na audición. Este criterio intenta avaliar a capacidade do alumnado para identificar algúns dos trazos distintivos dunha obra musical e para describir, utilizando unha terminoloxía adecuada, aspectos relacionados co ritmo, a melodía, a textura ou a forma. A análise realizarase sempre en situacións contextualizadas e a partir da audición.